
UN CADRO DE PICASSO

Texto de CLAIRE D'HARCOURT

Concepto gráfico de LOÏC LE GALL

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 20 x 20 cm. 36 páx. 14 €.

Contén cartel despregable.

Un cadro de Picasso (galego)

ISBN 978-84-15250-22-7. Factoría K de Libros. Arte.

Un cuadro de Picasso (castelán)

ISBN 978-84-15250-21-0. Factoría K de Libros. Arte.

«Non, a pintura non está feita para decorar as estancias; é un instrumento de guerra ofensiva e defensiva contra o inimigo». Pablo Picasso.

Tras o bombardeo de Guernica por avións alemáns en abril de 1937, o artista Pablo Picasso converte o lenzo e os pinceis no seu medio de expresión contra a guerra, pintando de negro, gris e branco os seus efectos devastadores e os símbolos dun futuro esperanzador: a nai co seu fillo morto e o soldado xacente, o cabalo e o touro, a pomba e a flor que nace da espada rota, as figuras contraídas e as formas xeométricas...

Entrar nun cadro, viaxar por ese novo universo, explorar cada curruncho, cada recanto... Ao fío das páxinas deste libro percorremos un lenzo trágico e inmenso: GUERNICA, e descubrimos esta obra mestra da historia da Arte do século XX.

Este óleo sobre tea, atópase no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, en Madrid.



-
- **Temática:** análise do “Guernica”, de Picasso.
 - **Idade recomendada:** dende 8 anos.
 - **Aspectos destacables:** inclúe cartel despregable; e biografía do pintor; explicación baseada en 12 detalles do lenzo a partir da cor, da forma e do simbolismo das figuras; no catálogo de KALANDRAKA atópase o libro titulado “Guernica”, de Heliane Bernard e Olivier Charpentier; esta serie iníciase tamén con “Un cuadro de Velázquez” sobre “As Meninas” (FAKTORÍA K).
-

Pablo Picasso

(Málaga, 1881 – Mougins, Francia, 1973)

Pintou o seu primeiro cadro aos oito anos de idade. Extraordinario artista, foi ao tempo pintor, debuxante, escultor, gravador e ceramista. Creador, xunto con Braque, do cubismo: simplificaba e descompoñía as formas, retorcíaa os rostros e dislocaba os corpos. De fronte e de perfil, pintaba todos os ángulos dun tema á vez. Picasso atopábase en Francia cando soubo do terrible bombardeo de Guernica. Conmovido e indignado, realizou un centenar de estudos preparatorios e rematou un monumental fresco en menos de dous meses. Convertido nun dos cadros máis coñecidos e admirados da historia da Arte, o Guernica simboliza para todo o mundo o horror da guerra. Pablo Picasso realizou máis de 30.000 obras.

